

LALÍN**A N U N C I O**

Convocatoria de axudas para festas parroquiais, actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude.

O Concello de Lalín convoca axudas para a celebración de festas parroquiais e para a realización de actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude, conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de maio de 2012.

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS E DIRIXIDAS Á XUVENTUDE PARA O ANO 2012.

1. – FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1. – Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas destinadas a financiar programas de actividades de carácter cultural, educativo e dirixidas á xuventude promovidas por asociacións e entidades sen ánimo de lucro de Lalín, así como a celebración de festas parroquiais, e que se realicen dentro do termo municipal de Lalín ao longo do ano 2012, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación..

1.2. – O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así coma na Base 25 de Execución do Presuposto do Concello para o exercizo 2012, e respetando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

1.3. Convócanse subvencións polos seguintes importes e con cargo ao crédito consignado nas seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINALIDADE
338.489.02	11.000 €	Celebración de festas parroquiais
334.489.00	9.600 €	Actividades culturais
321.489.00	2.000 €	Actividades de carácter educativo
337.489.00	3.000 €	Actividades dirixidas á xuventude

2. – ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES:

Son gastos subvencionables nesta convocatoria os gastos correntes, excluídos os gastos en investimentos ou restantes de capital, derivados de:

2.1. – *CELEBRACIÓN DE FESTAS* parroquiais: Poderán ser obxecto de subvención as actuacións de bandas de música, grupos de gaitas dos constituídos no Concello de Lalín, que teñan lugar con motivo da celebración de festas das distintas parroquias.

2.2. – *ACTIVIDADES CULTURAIS*: Poderán ser obxecto de subvención a realización de programas ou actividades culturais tales como celebracións tradicionais, homenaxes, exposicións, viaxes culturais, encontros, conferencias, estudos, etc, e en xeral, calquera actividade que teña como finalidade a

promoción e divulgación dos valores culturais. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os derivados da organización de xantares ou outros asimilables, salvo que se trate de eventos gastronómicos arraigados ou que formen parte da propia actividade cultural.

2.3.—*ACTIVIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO*: Poderán ser obxecto de subvención as viaxes educativas ou a realización de diferentes actividades tales como celebracións, homenaxes, actividades formativas, exposicións, obradoiros, encontros ou conferencias, etc, e en xeral, calquera actividade que teña como finalidade a conservación, promoción e divulgación dos valores educativos.

2.4.—*ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE*: Poderán ser obxecto de subvención actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, viaxes culturais, obradoiros, encontros, conferencias, etc, e en xeral, calquera actividade orientada á xuventude que teña por finalidade promover a divulgación de valores culturais ou educativos para os xóvenes.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercizo a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.

Ao abeiro destas bases só se subvencionará unha única actividade por entidade, salvo no caso de aquelas asociacións que soliciten ademais axuda para a celebración das festas parroquiais. Neste caso subvencionaranse, se procede, ámbalas dúas actividades.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo total da actividade subvencionada.

Os interesados deberán facer constar a denominación da actividade para a que se solicita a subvención e indicar se se trata de axudas para a celebración das festas parroquiais, para a realización de actividades culturais, para a realización de actividades educativas ou para a realización de actividades dirixidas á xuventude.

3.—*BENEFICIARIOS*:

3.1.—Terán a consideración de beneficiarios da subvención os destinatarios dos fondos públicos, que deben realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento e que se atopen na situación que lexitime a súa concesión.

3.2.—Poderán solicitar as subvencións as persoas físicas, persoas xurídicas e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) No caso das asociacións, estar legalmente constituídas.
- b) As persoas físicas deberán estar empadroadas no Concello de Lalín na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.
- c) As asociacións deberán ter o seu domicilio social en Lalín e estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.
- d) Carecer de fins de lucro.
- e) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Concello de Lalín.
- f) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

3.3.—Excepcionalmente, poderán presentar solicitude de subvención para programas considerados de especial relevancia por razóns de interese social as agrupacións veciñais ou comités organizadores de actos específicos que cumpran os requisitos sinalados no apartado anterior.

3.4.—Respecto das actividades educativas, poderán solicitar a subvención os centros públicos de ensino do Concello de Lalín e aquelas entidades ou asociacións que desenvolvan accións de carácter

formativo para persoas con necesidades especiais e que cumpran os requisitos indicados no apartado 3.2.

3.5.—En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiario aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.—NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5.—SOLICITUDE.

As solicitudes e demais documentación presentaranse exclusivamente e de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto, que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello, nos servizos de Cultura e Xuventude e na páxina web do Concello *www.lalin.org*, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen perxuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva corrección de erros.

As solicitudes deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín.

Entenderase como último día do prazo de presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

No entanto, o órgano competente poderá resolver ao longo do exercizo orzamentario aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puideran presentarse no prazo sinalado.

As asociacións que reúnan os requisitos establecidos na Base 3 poderán presentar a súa solitude xunto coa seguinte documentación:

1.—*Documentación relativa á entidade e ao seu representante:*

- a) Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á presente convocatoria e da designación da persoa que asina a solitude e que actúa no procedemento na súa representación. Anexo I.
- b) Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante.
- c) Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada así como de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13 da Lei Xeral de Subvencións e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións. Anexo II.
- d) Certificación acreditativa dos cargos representativos. Anexo VI.
- e) Certificación orixinal recente dos datos bancarios do solicitante, expedida pola entidade bancaria.
- f) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O solicitante da subvención poderá asinar o documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas. Anexo VII e Anexo VIII.

Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante Concello de Lalín.

2.—Documentación propia relativa ás actividades para as que se solicita a subvención:

Para cada unha das actividades para as que se solicite subvención:

- a) Tipo de subvención solicitada segundo a actividade que se pretende realizar (axudas para a celebración das festas parroquiais, axudas para a realización de actividades culturais, axudas para a realización de actividades educativas ou axudas para a realización de actividades dirixidas á xuventude). No caso de que se solicite axuda para a actuación de banda de música deberá especificarse a categoría da banda de acordo co establecido na Base 7.
- b) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e número de beneficiarios. Anexo III.
- c) Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do financiamento previsto, e cuantía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención. Anexo IV.
- d) Declaración responsable na que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. Anexo V.

Para a presentación de solicitudes de axudas para a celebración de festas parroquiais que non se realicen a través de asociación, deberá constituírse unha de comisións de festas, que deberá nomear a un presidente que actuará como representante da mesma en todo o procedemento, e que será o beneficiario da subvención.

Neste caso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo, segundo modelo normalizado, da constitución da comisión de festas e da designación do Presidente, que actuará en representación da mesma. Anexo I Bis.
- b) Fotocopia do NIF do solicitante e certificado do empadramento no Concello de Lalín.
- c) Declaración responsable do solicitante relativa a non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13 da Lei Xeral de Subvencións e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións. Anexo II Bis.
- d) Memoria explicativa con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e número de beneficiarios. No caso de que se solicite axuda para a actuación de banda de música deberá especificarse a categoría da banda de acordo co establecido na Base 7. Anexo III Bis.
- e) Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do financiamento previsto, e cuantía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención. Anexo IV Bis.
- f) Declaración responsable na que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. Anexo V Bis.
- g) Declaración responsable relativa a que o solicitante se atopa ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O solicitante da subvención poderá asinar o documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas. Anexo VII e Anexo VIII. Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.

A documentación que se entregue fotocopiada deberá ser compulsada e calquera defecto, erro ou ausencia na súa presentación terá que ser emendado no prazo de 10 días dende o seu requerimento.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación íntegra do contido das mesmas.

6.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que se constate que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- O Concelleiro delegado de Facenda
- A Concelleira delegada da área de Cultura
- O Concelleiro delegado da área de Xuventude
- Un/ha técnico/a de cultura ou persoa na que se delegue
- Un/ha técnico/a ou persoal responsable do departamento de xuventude, ou persoa na que se delegue
- O Secretario da Corporación, que actuará ao mesmo tempo como secretario da Comisión Avaliadora, ou persoa na que delegue

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 7, e elaborará un acta na que se emita informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución debidamente motivada á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

7.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

Nas axudas para a celebración das festas parroquiais, só se subvencionarán as actuacións de bandas de música e grupos de gaitas dos constituídos no Concello. Aos efectos de determinar o importe das axudas por actuación de bandas de música establécese a seguinte clasificación por categorías:

- Categoría A: bandas con un mínimo de 60 músicos
- Categoría B: bandas con un mínimo de 40 músicos
- Categoría C: bandas con un mínimo de 20 músicos

As axudas serán de 500 € para as bandas de categoría A, de 400 € para as de categoría B e de 200 € para as de categoría C.

A cuantía da axuda no caso de actuación dun grupo de gaiteiros será de 150 €.

Nas axudas para a realización de actividades educativas, subvencionarase, como máximo, coas seguintes cantidades pola realización de excursións e viaxes nas que se aprecie o seu interese educativo:

- Viaxes por Galicia: ata un máximo de 200 €.
- Viaxes ao resto de España: ata un máximo de 300 €.
- Viaxes ao estranxeiro: ata un máximo de 500 €.

No caso de solicitudes para o desenvolvemento de actividades educativas distintas a viaxes e excursións seguirase o mesmo baremo que para as axudas para a realización de actividades culturais e de actividades dirixidas á xuventude.

Na concesión das axudas para a realización de actividades culturais e de actividades dirixidas á xuventude, o importe da subvención poderá acadar ata un máximo do 80% do presuposto total de gasto presentado. A contía determinarase en función dos seguintes criterios:

- Interese xeral da actividade, ata 20 puntos.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade: ata 20 puntos.
- Orzamento total da actividade e porcentaxe solicitada de financiamento: ata 25 puntos. Valorarase neste apartado a capacidade de autofinanciamento da asociación, entendida esta como a recorrencia a fontes alleas á achega do Concello. O 20 % é obrigatorio, 0 puntos; entre o 20 e o 30% de autofinanciamento, ata 10 puntos; entre o 30 e o 40 %, ata 15 puntos; entre o 40 e o 60%, ata 20 puntos; máis do 60%, ata 25 puntos.
- Conservación dos valores culturais, artísticos, folclóricos, etc: ata 25 puntos.
- Carácter periódico ou permanente das actividades obxecto da subvención, en base ao número de actividades realizadas e a súa proxección futura: ata 10 puntos.

Todas as actividades subvencionadas deberán realizarse ao longo do presente ano 2012. Poderán subvencionarse actividades correspondentes aos cursos 2011-2012 e 2012-2013 sempre e cando ditas actividades se desenvolvan no ano 2012, e se xustifiquen con facturas con data de dito ano.

A contía da subvención outorgada establecerase mediante o prorrateo entre os beneficiarios do importe total máximo destinado, segundo a puntuación acadada de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

8.—RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe da Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende a publicación da convocatoria. A notificación levarase a cabo por correo con acuse de recibo cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

O acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello, segundo o establecido no artigo 18.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este acordo é susceptible de recurso conforme ao establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención.

Trancorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen perxuizo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- 1.—Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.
- 2.—Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- 3.—Comunicar ao Concello a obtención de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4.—Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.

5.—Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. A estes efectos, o solicitante da subvención poderá asinar o documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas e dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención.

6.—Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.

10.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen perxuízo da correspondente notificación aos beneficiarios para a perceptiva corrección de erros.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lalín da seguinte documentación:

— Certificación do órgano competente da entidade, ou da persoa física beneficiaria, que acredite o cumprimento da actividade subvencionada, así como declaración relativa ás subvencións obtidas de outros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada. Anexo IX (asociacións) ou Anexo IX Bis (comisións de festas).

— Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da actividade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto presupostado na solicitude da subvención. Anexo X (asociacións) ou Anexo X Bis (comisións de festas).

— Memoria xustificativa da actividade. Anexo XI (asociacións) ou Anexo XI Bis (comisións de festas).

— Orixinal ou copia cotexada das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. O importe total das facturas aportadas deberá acadar como mínimo o importe da subvención concedida. As facturas deberán acompañarse do xustificante da transferencia bancaria ou ben deberá constar nelas o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o pago.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará mais que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Para cobrar a axuda concedida comprobarase que os beneficiarios se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

No en tanto, previa solicitude e excepcionalmente, se a Xunta de Goberno Local o considera oportuno poderase acordar motivadamente o pagamento anticipado da subvención, debendo achegarse no prazo máximo de 3 meses os documentos xustificativos do gasto realizado.

O prazo de presentación da xustificación rematará o día 20 de decembro de 2012.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 10 días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

Os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos admitiranse só cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para esta. Os gastos de manutención non poderán superar o 50% da subvención concedida.

11. – REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

12. – RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercizo 2012, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e por último a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Lalín, 28 de abril de 2012. – O Concelleiro Delegado de Facenda, Manuel Gómez Estévez. **2012004708**

* * *

P O I O

Recadación de Multas

E D I C T O

ACTO QUE SE NOTIFICA INCOACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, notifícase incoación dos expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no enderezo que figura no rexistro de vehículos ou no de condutores e infractores, feito do que se ten constancia no expediente.

GONZALEZ CASTRO MANUEL e 2 máis

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 50 por cento sobre a contía correspondente consignada no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior de devandita denuncia, sempre que devandito pagamento se efectúe dentro dos 15 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a citada notificación, por un dos seguintes medios:

- a. – Mediante ingreso na conta 2080-5419-93-3040109042 de Novacaixagalicia indicando nº de expediente, nome e matrícula.